



## BASES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DOUS OPERARIOS PARA RECOLLIDA DE BASURA.

Primeira.- As presentes bases teñen como obxecto a contratación temporal con carácter de urxencia, de dous operarios a tempo parcial (4 horas diarias) para cubrir a baixa por enfermidade do traballador encargado da conducción do camión da lixo que tiña unha dedicación a tempo completo. Os contratos serán por obra ou servicio polo prazo inicial de 6 meses prorrogables conforme a lexislación laboral vixente no momento da contratación.

Segunda.- Un dos operarios deberá estar en posesión do carné de conducir C ou superior que habilite para a conducción do camión da lixo e tamén posesión do CAP ( certificado de actitude profesional) que habilita para a realización efectiva da actividade a desenvolver.

Terceira.- As retribucións serán de 750 euros brutos mensuais para cada operario, nos que se inclúen prorrataeas a pagas extras .

Cuarta.- O prazo de presentación de instancias dos aspirantes será de 5 días hábiles contados dende a publicación dun anuncio nun periódico de tirada rexional e na páxina Web do Concello. Deberá presentarse unha instancia separada para cada unha das prazas propostas.

Quinta.- A selección do persoal realizarase mediante o seguinte proceso selectivo:

- **Para a selección do operario condutor:**

1. Estar en posesión do carné C ou superior, e do CAP que habilite para a conducción do camión de recollida de lixo domiciliaria.
2. Cumprir cos requisitos establecidos no Estatuto do empregado público que habiliten para o acceso a postos de traballo da administración pública.
3. Unha comisión de selección valorará os candidatos con seguintes criterios:

- a) Realización dun test de 25 preguntas sobre o traballo a realizar e coñecementos sobre circulación vial, que se valorará con **2 puntos**.
- b) Experiencia no posto de traballo, que se valorará cun máximo de **1,5 puntos**, a razón de 0,01 puntos por mes traballado no ámbito privado ou público.
- c) Cursos e diplomas: valorarse cun máximo de **1 punto**.
- d) Manexo do camión de recollida de lixo: ata un máximo de **3 puntos**
- e) Entrevista sobre interese,actitude, dispoñibilidade e coñecemento do medio: ata un máximo de **2,5 puntos**.

Os efectos de realizar a proba de manexo do camión realizanse polo menos dúas probas nas que poida constatar o manexo do camión.

- **Para selección do operario auxiliar para recollida de lixo e cometidos varios:**

1. Cumprir cos requisitos establecidos no Estatuto do empregado público que habiliten para o acceso a postos de traballo da administración pública.



2. Unha comisión de selección valorará os candidatos con seguintes criterios:

- a) Por estar en posesión do carné de conducir C ou superior e do CAP: **1 punto.**
- b) Realización dun test de 20 preguntas sobre o traballo a realizar, características do Concello de Touro, cultural xeral e formación vial, que se valorará cun máximo de **2 puntos.**
- f) Experiencia en postos de traballo da administración pública como operario de servicios varios, relacionados co traballo a realizar, incluídos os relativos albanelaría, xardinería e outros similares, que se valorará cun máximo de **3 puntos** a razón de 0,01 puntos por mes.
- g) Cursos e diplomas: valorarse cun máximo de **1 punto.**
- h) Entrevista sobre interese, actitude dispoñibilidade e coñecemento do medio: ata un máximo de **3 puntos.**

Serán seleccionados os candidatos que obtiveran maior puntuación en cada un dos supostos. Os que non sexan seleccionados poderán formar parte dunha bolsa para cubrir baixas que se puideran producir.

Sexta.- A Comisión de selección estará formada polos seguintes integrantes.

Presidente: D. Jesús José Reboredo González, administrativo Concello.

Vocales....: D. Manuel Rodríguez Calvo, conductor tractor forestal.

Dª María Nieves González Mujico, educadora social.

Dª Ana María Pájaro Fernández, Axente de Desenvolvemento Local

Secretario. D. José Ramón Casal Orza, auxiliar administrativo Concello.

Sétima.- Realizada a selección a comisión dará traslado o Alcalde que asinará os correspondentes contratos. A Xunta de Goberno darase por notificada coa aprobación da primeira nómina dos traballadores seleccionados.

Oitava.- As presentes bases teñen carácter administrativo, sendo a xurisdición competente para a súa impugnación a contencioso-administrativa.

Touro, 31 de outubro de 2019.

O Alcalde,

Asdc.: Ignacio Codesido Barreiro

